

## **Premio “Rafael Crecente” a Iniciativas Innovadoras de Xestión Territorial**

Convocado polo Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER), coa colaboración do Laboratorio do Territorio

Páxina | 1

*O profesor Rafael Crecente Maseda [1964,2015] estaba considerado como un dos grandes expertos en xestión territorial de Galicia.*

*Foi profesor titular do Departamento de Enxeñería Agroforestal da Escola Politécnica Superior da Universidade de Santiago de Compostela, e o seu labor estivo vencellado principalmente á investigación, como director do Grupo de Investigación Territorio-Biodiversidade - Laboratorio do Territorio, e coordinador do Sistema de Información Territorial (SIT) desta universidade. Asemade, participou activamente como investigador en países de Latinoamérica, fundamentalmente en Ecuador -lugar no que impulsou un programa de colaboración-, así como en convenios con países de Europa central e do leste. Tamén foi consultor da oficina rexional da FAO en Budapest e profesor invitado na Universidade de Múnic. E investigador do IBADER adscrito ao Grupo de Investigación 1934 - Territorio e Biodiversidade.*

Na súa homenaxe créase un premio para impulsar a formulación e aplicación práctica de ideas innovadoras relacionadas co desenvolvemento rural, a conservación do medio ambiente, ou a mellora da xestión territorial.

Con estas bases publícase a primeira edición deste premio que se convocará anualmente, co inicio de cada curso académico e que será publicitada nas canles institucionais da Universidade de Santiago de Compostela e outros medios de difusión que se consideren oportunos.

### **BASES DA CONVOCATORIA 2016-2017:**

#### **1. Obxectivo**

O premio ten como obxectivo impulsar a formulación e aplicación práctica de ideas innovadoras relacionadas co *desenvolvemento rural, a conservación do medio ambiente, ou a mellora da xestión territorial* en sentido amplo en Galicia.

#### **2. Participantes**

Poderán participar nesta convocatoria todas aquelas persoas que remataran a súa titulación universitaria de Grao ou Máster nos últimos 5 anos, tomando como referencia a data límite de entrega de propostas ao presente premio.

### 3. Carácter do premio

A persoa que reciba o premio obterá un recoñecemento formal a través dun diploma acreditativo e unha contía económica de 2.000,00 €, e de ser o caso, permitirá a difusión do seu traballo a través dos medios que o IBADER e o GI-1934 TB - Laboratorio do Territorio da Universidade de Santiago de Compostela estimen convenientes. A dotación do premio farase a través da partida orzamentaria do IBADER 6095-2416-64000.

### 4. Prazos

O prazo de presentación de candidaturas estenderase ata o 1 de decembro de 2017. O fallo farase público nun período máximo de dous meses desde o final do prazo de presentación de candidaturas. Un comité de selección elixirá, entre as propostas presentadas, aquela que considere máis axeitada dacordo co obxectivo do premio, así como unha ou dúas suplentes se o considera oportuno. O acto formal de concesión do premio terá lugar en data e lugar que serán anunciados oportunamente.

### 5. Presentación das propostas

As persoas candidatas deberán enviar unha proposta innovadora no ámbito do **desenvolvemento rural, a conservación do medio ambiente, ou a mellora da xestión territorial** ao enderezo electrónico [premio.rafaelcrecente@usc.es](mailto:premio.rafaelcrecente@usc.es), en formato pdf e cunha extensión máxima de 50 páxinas A4, solicitando confirmación da correcta recepción do documento enviado. Poderá presentarse en galego ou castelán. Asemade deberase cumprimentar o formulario que se xunta no Anexo I da presente convocatoria, indicando os datos persoais dos solicitantes.

### 6. Criterios de valoración

Valoraranse a viabilidade práctica da idea ou proxecto innovador, é dicir, a súa aplicabilidade, o impacto na sustentabilidade territorial e a xestión dos recursos en Galicia, e que teña compoñentes de innovación social, como por exemplo, no eido da xestión da propiedade.

### 7. Comité avaliador

O Consello Científico do IBADER desempeñará as funcións de Comité Avaliador das propostas, podendo solicitar o asesoramento de persoal experto externo.

O Consello Científico terá a potestade para interpretar as Bases da Convocatoria, así como de determinar o modo correcto da súa aplicación no desenvolvemento do Premio, tomando as decisións oportunas. As decisións do Consello Científico serán inapelables.

O fallo farase público nun período máximo de dous meses desde o final do prazo de presentación de candidaturas.

O acto formal de concesión do premio terá lugar na data e lugar que serán anunciados oportunamente, así como comunicación individual aos premiados.

## 8. Dereitos dos premiados

As propostas presentadas deben ser orixinais. Os solicitantes fanse responsables da orixinalidade das propostas. Os dereitos de propiedade intelectual serán dos seus autores, agás os dereitos de difusión que corresponderán ás institucións convocantes de este premio.

Páxina | 3

## 9. Aceptación das bases

Os solicitantes do premio aceptan incondicionadamente as bases da presente convocatoria.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da data de publicación oficial no taboleiro electrónico, de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei da Xurisdicción Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo. Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Convoca:**

**Colabora:**



**Premio "Rafael Crecente"**  
**a Iniciativas Innovadoras de Xestión Territorial**

**Anexo I.**  
**Formulario**

Don / Dona \_\_\_\_\_

con DNI número \_\_\_\_\_, e domicilio a efectos de notificación en:

somete a consideración do comité avaliador do Premio "Rafael Crecente" a Iniciativas Innovadoras de Xestión Territorial (2017) a proposta titulada:

nos termos establecidos na convocatoria do ano 2017.

Outros datos de contacto:

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017.

Asinado:

**Sr. Director do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER)**